

ANUNCIO

Desestimento do proceso de selección para a provisión en réxime de propiedade dunha praza de Arquitecto, pertencente á Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Técnico Superior, incluída na oferta de Emprego Público do Concello de Rianxo para o ano 2017

Con data 29 de maio de 2024, ditouse a Resolución da Alcaldía nº 494/2024, resolvendo revocar o decreto nº 1067/2021 de 15.12.2021 polo que se acordaba aprobar as Bases para a provisión dun funcionario/a de carreira nunha praza de Arquitecto, pertencente á Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Técnico Superior, incluída na oferta de Emprego Público do Concello de Rianxo para o ano 2017 e convocar o procedemento de selección da praza mencionada, desistindo de dito procedemento debido á innecesariedade de proveer unha nova praza de arquitecto ao haberse incluído na Oferta de Emprego Público (OEP) extraordinaria de 2022 do Concello de Rianxo, aprobada por Resolución de Alcaldía número 371/2022 de data 19/05/2022.

Contra dita resolución poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o Sr. Alcalde no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, ou ben recurso contencioso-administrativo, no prazo e dous meses, contados dende o seguinte ao da súa publicación, ante os Xulgados do Contencioso-administrativo, de conformidade co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro e na Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, significándolle que no caso de interpoñer recurso de reposición, non poderá interpoñer o recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

O presente anuncio sorte os efectos da notificación, de conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común.

Rianxo 29 de maio de 2024

Asinado O Alcalde, Julian Bustelo Abuin